



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia

Programación da disciplina

Nome do centro: EASD Mestre Mateo

Titulación: EE.AA.SS. DESEÑO DE PRODUTO

Materia: Xestión do Deseño

Disciplina: Organización e Lexislación

Curso: 3º

Carácter: Formación básica

Tipo: Teórica

Docente: Rosalía García Seijo

Ano académico: 2020-21



Índice

1	Identificación e contextualización	4	
2	Organización dos contidos	5	
2.1	Organización xeral	5	
2.2	Adaptación á actual situación sanitaria por mor da COVID-19	5	
2.3	Adaptación a un posible escenario lectivo semipresencial	6	
2.4	Adaptación a un posible escenario lectivo non presencial	6	
3	Avaliación	8	
3.1	Criterios de avaliación	8	
3.2	Procedemento	9	
3.2.1	Convocatoria ordinaria	9	
3.2.2	Convocatoria extraordinaria	11	
3.2.3	Anulación da convocatoria	11	
3.3	Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación	12	
3.3.1	Probas teóricas e prácticas	13	
3.3.2	Traballo e seguimento diario e actitude e participación	15	
3.4	Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación	15	
3.5	Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais	16	
3.5.1	Procedemento para a realización da avaliación inicial	16	
3.5.2	Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados	17	
4	Metodoloxía, recursos e actividades complementarias	18	
4.1	Metodoloxía	18	
4.1.1	Modalidade presencial	18	
4.1.2	Modalidade semipresencial	18	
4.1.3	Modalidade non presencial	18	
4.1.4	Metodoloxía xeral	19	
4.1.4.1 Actividades introductorias	19	19
4.1.4.2 Exposición maxistral	19	19
4.1.4.3 Prácticas presenciais	19	19
4.1.4.4 Prácticas non presenciais	19	19
4.1.4.5 Exposición e debate	19	19
4.1.4.6 Titorías docentes	19	19
4.2	Actividades	20	
4.2.1	Actividades de avaliación	20	
4.2.2	Actividades complementarias	20	
4.2.3	Actividades interdisciplinares	20	
4.3	Recursos	21	
4.3.1	Material subministrado polo centro	21	
4.3.2	Material que debe subministrar o/a alumno/a	21	
4.3.3	Fontes de consulta	21	



1 Identificación e contextualización

Idiomas	Español, Galego
Departamento	EE.AA.SS. Deseño de Produto
Profesor/a	Rosalía García Seijo
Correo electrónico	rosaliags@edu.xunta.es
Web	www.easd.es
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: 4 Horas totais: 100 Horas de clase semanais: 2 Horas de clase no curso: 72 Horas de traballo non presencial: 24 Horas titorías: 4
Horario	Horario de clase semanal: <ul style="list-style-type: none">Martes de 11.20 a 12.20h e Venres de 13.00 a 14.00h Horario de titorías: <ul style="list-style-type: none">Venres de 10 a 11h
Descritores	<ul style="list-style-type: none">Propiedade intelectual e industrial.Organización e economía de empresa.Técnicas de análise de mercado.Fundamentos da economía de produción.Métodos de investigación e experimentación propios da materia.



2 Organización dos contidos

2.1 Organización xeral

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
1	LEXISLACIÓN NORMAS DE PROTECCIÓN. O DEREITO INDUSTRIAL <ul style="list-style-type: none"> ▪ Propiedade intelectual. Dereitos de autor ▪ Propiedade industrial. Signos distintivos, invencións, deseños (debuxos e modelos). ▪ Clasificación internacional de produtos, servizos e patentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Presentación. ▪ Avaliación inicial ▪ Clases expositivas. ▪ Visionado audiovisual. ▪ Resolución de casos prácticos. ▪ Manexo de formularios, solicitudes e contratos. ▪ Selección de lecturas. ▪ Debates. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 21 sesións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Semanas 1-12
2	ORGANIZACIÓN 2.1. ESTRUCTURA E ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCIERO DA EMPRESA <ul style="list-style-type: none"> ▪ Estructura económico financeira da empresa. ▪ Fontes de financiamento. ▪ Análise financeiro. Análise da rendibilidade. ▪ Análise e selección de inversións. ▪ Xestión de tesourería. 2.2. XESTIÓN EMPRESARIAL <ul style="list-style-type: none"> ▪ Obrigas da empresa en materia laboral. ▪ Xestión de recursos humanos. Prevención de riscos laborais. ▪ A fiscalidade da empresa. Facturación e imposición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Clases expositivas. ▪ Visionado audiovisual. ▪ Resolución de casos e exercicios prácticos. ▪ Manexo de formularios, documentos e contratos. ▪ Selección de lecturas. ▪ Debates. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 32 sesións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Semáns 13-27
3	INICIATIVA EMPRENDEDORA <ul style="list-style-type: none"> ▪ A idea de negocio. Viabilidade. ▪ O plan de empresa. ▪ O modelo de negocio. ▪ Presentacións orais no eido empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Clases expositivas. ▪ Visionado audiovisual. ▪ Manexo de modelos ▪ Titorización de traballos ▪ Exposicións orais <p>Práctica 1. Plan de empresa ou modelo de negocio</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9 sesións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Semáns 28-32
-	PROBA FINAL ORDINARIA	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A Dirección publicará as datas e horarios concretos na web da escola. 		
-	EXAME FINAL EXTRAORDINARIA	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A Dirección publicará as datas e horarios concretos na web da escola. 		

– **Táboa 1.**
Organización dos contidos.

2.2 Adaptación á actual situación sanitaria por mor da COVID-19

– A organización xeral incorpora as **aprendizaxes imprescindibles** non adquiridas no curso anterior, especialmente motivadas pola situación de corentena acontecida desde o mes de marzo.



- Debido á situación sensible por motivos sanitarios deste curso, e para evitar masificacións nas aulas, na medida do posible priorizarase a actividade formativa **semipresencial** fronte á presencial, dando especial protagonismo á **aula virtual** e compatibilizando a presencialidade co uso de medios telemáticos (ver apartado Metodoloxía).

2.3 Adaptación a un posible escenario lectivo semipresencial

- No caso de que a situación sanitaria determine un escenario de **formación semipresencial**, adaptaranse os contidos e obxectivos para dar resposta ás aprendizaxes mínimas imprescindibles. En función de cando sexa necesaria a semipresencialidade veranse máis afectados uns bloques temáticos ou outros. Intentaranse reservar as clases expositivas para as sesións presenciais e as tarefas prácticas para o traballo autónomo do alumnado que preguntará a través da aula virtual ou o correo electrónico se ten dúbidas. Eliminaranse as exposicións orais e, de ser necesario, o Plan de Empresa substituirase por supostos prácticos dos apartados do Plan.

2.4 Adaptación a un posible escenario lectivo non presencial

- No caso de que a situación sanitaria determine un escenario de **formación non presencial**, adaptaranse os contidos e obxectivos para dar resposta ás aprendizaxes mínimas imprescindibles. En función de cando sexa necesario o paso a un escenario lectivo non presencial veranse máis afectados uns bloques temáticos ou outros. Intentaranse impartir as clases expositivas a través de videoconferencias e as tarefas prácticas resolveraaas o alumnado, que preguntará a través da aula virtual ou o correo electrónico as súas dúbidas. Eliminaranse as exposicións orais e, de ser necesario, o Plan de Empresa substituirase por supostos prácticos dos apartados do Plan.



Organización lectiva curso 2020 - 2021

Entrega de prácticas e realización de
probos Convocatoria Ordinaria:

Proba 1. S 12
Proba 2. S 20
Proba 3. S 31

SETEMBRO

OUTUBRO

Proba final. 20-27/05/2021. Ver web.

	L	M	M	X	V		D	L	M	M	X	V	
			1	2	3	4	6				1	2	
			7	8	9	10	11	S4	5	6	7	8	9
		S1		16	17	18	20	S5		13	14	15	16
	S2	21	22	23	24	25	S6	19	20	21	22	23	
	S3	28	29	30			S7	26	27	28	29	30	

15/09/2020: Acollemento do alumnado.
16/09/2020: Inicio das clases.

06/10/2020: Último día para solicitar cambio de grupo.

NOVEMBRO

DECEMBRO

XANEIRO

	L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X		
S7							1	S12		1	2	3	4	5	6							
S8	2	3	4	5	6	7	8	S13	7	8	9	10	11	12	13			4	5	6	7	8
S9	9	10	11	12	13	14	15	S14	14	15	16	17	18	19	20	S16	11	12	13	14	15	
S10	16	17	18	19	20	21	22	S15	21	22	23	24	25	26	27	S17	18	19	20	21	22	
S11	23	24	25	26	27	28	29		28	29	30	31			S18	25	26	27	28	29		
S12	30																					

FEBREIRO

MARZO

ABRIL

	L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	
S19	1	2	3	4	5	6	7	S23	1	2	3	4	5	6	7						1
S20	8	9	10	11	12	13	14	S24	8	9	10	11	12	13	14	S27	5	6	7	8	9
S21	15	16	17	18	19	20	21	S25	15	16	17	18	19	20	21	S28	12	13	14	15	16
S22	22	23	24	25	26	27	28	S26	22	23	24	25	26	27	28	S29	19	20	21	22	23
									29	30	31				S30	26	27	28	29	30	

MAIO

XUÑO

Entrega de prácticas e realización de probos
Convocatoria Extraordinaria:

Proba final. 07-17/06/2021.



A data oficial exacta será publicada na web do centro, xunto coa do resto de disciplinas.

	L	M	M	X	V	S	D
						1	2
S31	3	4	5	6	7	8	9
S32	10	11	12	13	14	15	16
	17	18	19	20	21	22	23
	24	25	26	27	28	29	30
	31						

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

03/05/202
1: Último día presentación solicitude anulación C. Ordinaria.
12/05/202
1: Fin do período lectivo.
20-
27/05/202
1: Proba Final C. Ordinaria.
28/05/202
1: Avaluación ordinaria.
31/05/202
1: Revisión cualificacións C. Ord. Prazo reclamación contra cualificacións.

01/06/202
1: Revisión cualificacións conv. Ordinaria. Prazo reclamación contra cualificacións.
02/06/202
1: Limite solicitude anulación C. Extr.
07-
17/06/202
1: Proba Final C. Extraordinaria.



3 Avaliación

3.1 Criterios de avaliación

Os presentes criterios de avaliación ríxense por:

- Guía didáctica da disciplina, dispoñible para a súa descarga na web da escola:
<http://xn--deseodeproduto-tnb.gal/wp-content/uploads/2018/09/GuiadeTerceiro.pdf>
- DECRETO 172/2015, do 29 de outubro (DOG do 23 de novembro), polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151123/AnuncioG0164-061115-0002_gl.html
- ORDE do 21 de novembro de 2016 (DOG do 1 de decembro) pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia:
https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20161201_ordenacion_superiores_deseno.pdf

- As competencias cuxa adquisición será obxecto de avaliación na disciplina son as que se relacionan a continuación, indicándose así mesmo, a través de que instrumento de avaliación se valorará a súa consecución:

	- T1	- Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.	
- Transversais	- T2	- Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.	
	- T3	- Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.	- Proba práctica/Traballo.
	- X1	- Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.	- Plan de empresa e/ou modelo de negocio no eido da deseño de produto.
- Xerais	- X7	- Organizar, dirixir e/ou coordinar equipos de traballo e saber adaptarse a equipos multidisciplinares.	
	- X18	- Optimizar a utilización dos recursos necesarios para alcanzar os obxectivos previstos.	
	- X22	- Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas.	
	- EP1	- Determinar as características finais dos produtos, servizos e sistemas coherentes cos requisitos e relacións estruturais, organizativas, funcionais, expresivas e económicas definidas no proxecto.	
- Específicas	- EP13	- Coñecer o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenvolve o deseño de produto.	- Probas teóricas escritas
	- EP14	- Comprender o marco legal e regulamentario que regula a actividade profesional, a seguridade e saúde laboral e a propiedade intelectual e industrial.	

Táboa 3.

- Competencias a adquirir na disciplina e instrumentos para medir a súa consecución.



3.2 Procedemento

- O alumnado dispón de **dúas convocatorias** para superar a disciplina: a convocatoria **ordinaria**, e a convocatoria **extraordinaria**.
- A **nota final** das convocatorias sairá de facer a **media** que corresponda **segundo os apartados das táboas incluídas na presente programación**.

3.2.1 Convocatoria ordinaria

Procedemento		Obrigatoriedade asistencia / realización	% de asistencia e realización	Instrumento de control de asistencia ou realización	Mecanismo para compensar a non asistencia ou realización	A asistencia ou realización otorga unha cualificación numérica para a cualificación final	Cualificación numérica	
Actividades	Clases teóricas e prácticas	SI	80-100%	Rexistro de asistencia e seguimento	-	SI ¹	-	
	Probas ²	Teóricas	SI	100%	Entrega	Proba final	SI	0-10
		Prácticas						
	Titorías	NON	-	Rexistro de asistencia e seguimento	NON	NON	-	
Proba final ³ (ou de segunda oportunidade)	NON	-	Entrega traballos	NON	SI	0-10		

Aspectos xerais

A Avaliación das Ensinanzas Artísticas Superiores é de carácter continuo, polo que o proceso de **avaliación ordinaria** implica a asistencia regular ás clases e realizar as probas teóricas ou prácticas das disciplinas que forman parte do currículo dos estudos nas datas sinaladas ao longo do curso.

- O procedemento da Avaliación Ordinaria das Ensinanzas Artísticas Superiores é de carácter continuo. Polo tanto consistirá nun **periodo de avaliación continua** do alumnado e nunha **proba final**.
- A **nota do periodo da Avaliación Continua Ordinaria** sairá do resultado de facer a media das probas e entregas solicitadas durante o curso nas porcentaxes marcadas nos criterios de cualificación da programación.
- As **probas e entregas parciais** son probas liberatorias de materia na convocatoria ordinaria. De superar a materia por parciais o alumnado quedará liberado da realización da Proba Final.
- O alumnado que non acade no proceso de avaliación continua unha nota suficiente para superar a disciplina (5) terá a posibilidade de recuperala mediante a realización dunha **proba ou entrega final de segunda oportunidade** no mes de maio-xuño.

1 Se recolle nos apartados de actitude e participación e de traballo diario nas porcentaxes de cualificación

2 Son probas liberatorias de materia. De superar a materia por parciais quedará liberado da Proba Final.

3 O alumnado poderá presentarse coa parte da disciplina que non superou nas probas/traballos parciais no caso de non acadar o aprobado (5).



Condicións xerais de realización dos traballos/proxectos

- Debido ao carácter presencial das ensinanzas, os **traballos** a entregar na convocatoria ordinaria, sexa no periodo da Avaliación Continua ou na Proba Final, terán que ser **supervisados** (a través das clases, presenciais ou telemáticas, segundo o caso) durante a súa realización polo/a docente da disciplina, non sendo válido aquel traballo/proxecto que non cumpra este requisito.
- Os traballos terán que **realizarse e ser entregados na data** indicada, salvo causa xustificada documentalmente.
- Os traballos entregados fóra de data, agás causa xustificada e acreditada documentalmente, serán avaliados cunha puntuación menor. Cada día hábil adicional ao da entrega (non se contabilizarán festivos e fins de semáns) baixará 0,5 puntos. Aos 6 días de demora a puntuación máxima será de 7 puntos. Os traballos poderán entregarse cunha demora máxima de 10 días, sempre tendo en conta que a decisión final de recollelo é da persoa docente. De non entregalo en tempo, e sempre que o traballo fora supervisado durante a súa realización nas clases habilitadas a tal fin, o/a alumno/a deberá concorrer á PROBA FINAL da avaliación ordinaria.
- Para que as **probos/traballos** poidan ser **avaliados** é imprescindible que:
 - Estean debidamente **identificados** na portada, incluíndo como mínimo o nome do proxecto, nome e apelidos do/a alumno/a, curso e disciplina, nome do/a profesor(a) e logotipo da escola.
 - Inclúan **fontes de consulta** (textuais, electrónicas e audiovisuais, incluídas as imaxes utilizadas) citadas correctamente, segundo normas APA. Así, no caso das citas textuais, estas deberán ir entrecomilladas ou en parágrafo aparte con sangría de 5 espazos, indicando claramente a autoría e ano de publicación no texto, ademais da cita completa ao final do documento.
 - Cumplir o *briefing* facilitado polo/a docente.
 - Sexan totalmente **orixinais**, realizados íntegramente polos/as alumnos/as.
 - Sexan **supervisados** polo/a docente durante a súa realización.

Proba final ordinaria

No mes de maio-xuño, nas datas indicadas publicadas na web do centro, terá lugar unha [proba final ou de segunda oportunidade](#).

- A proba final da convocatoria ordinaria é para dar unha **segunda oportunidade** ao alumnado que, asistindo regularmente e tendo presentado os proxectos en data e forma, non superou por entregas/probas parciais a disciplina no periodo da Avaliación Continua.
- Consiste na **realización dunha proba teórico-práctica e/ou na entrega de traballos/probas prácticas non superados**, sempre que teñan un seguimento por parte do/a docente nas clases durante a súa realización.
- As probas e entregas parciais do periodo da Avaliación Continua son probas liberatorias de materia na convocatoria ordinaria. **O alumnado poderá presentarse á parte ou partes da disciplina que non superou nas probas/traballos parciais no caso de non acadar o aprobado (5) na nota final do periodo da Avaliación Continua.**
- Para cualificar a Proba Final empregaranse os mesmos criterios de avaliación e cualificación que no periodo de avaliación continua, recollendo do periodo da Avaliación Continua as cualificacións das Probas e Traballos parciais realizados co seguimento por parte da/o docente, así como as dos apartados de actitude e participación do alumnado.
- A **nota final** sairá do resultado de facer a media das probas e entregas solicitadas durante o curso nas porcentaxes marcadas nos criterios de cualificación da programación, engadíndolle as notas da proba final no lugar das entregas parciais correspondentes. A nota da proba final non poderá superar un 7.
- A **falta de asistencia** o día de realización da proba final, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma. En caso de **chegar máis tarde** da hora sinalada de comezo do exame, o/a estudante deberá ter así mesmo causa debidamente xustificada. De non ser así, poderáselle denegar o acceso á aula. No caso de permitirlle o acceso, non disporá de máis tempo para facelo.



3.2.2 Convocatoria extraordinaria

- O alumnado que non supere a disciplina en avaliación ordinaria, realizará un **traballo/proxecto** e unha **proba teórico-práctica** na data e hora sinalada polo centro a tal efecto (ver apartado Sistemas Extraordinarios de Avaliación e Cualificación).
- No caso de que sexa preciso, motivado por unha hipotética situación de corentena por pandemia e/ou causas excepcionais de similar índole que afecten ao normal desenvolvemento da disciplina, estas actividades realizaranse de forma non presencial, adaptándose aos medios telemáticos postos a disposición pola Consellaría. O/A docente poñerase previamente en contacto co/a alumno/a indicando o día e hora da proba telemática, así como os recursos materiais necesarios para a mesma.

3.2.3 Anulación da convocatoria

- O alumnado que non teña unha asistencia regular ás clases, sempre que teña unha causa xustificada e poida acreditarla documentalmente, poderá solicitar na secretaría do centro mediante o impreso correspondente, a anulación da convocatoria ordinaria e/ou extraordinaria con anterioridade á data marcada para facer dita solicitude no calendario escolar do curso.



3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

Para a avaliación do alumnado utilizaranse varios **instrumentos**, que lle permitirán ao/á docente realizar o seguimento da adquisición das competencias necesarias para superar a disciplina:

Convocatoria ordinaria		
Instrumentos		Ponderación
Probas teóricas	<ul style="list-style-type: none"> ● Exames tradicionais, orais e escritos. ● Probas de ensaio ou composición (desenvolvemento dun tema de xeito extenso). ● Preguntas de resposta curta. ● Preguntas de texto incompleto. ● Preguntas de correspondencia ou emparellamento. ● Preguntas de opción múltiple. ● Preguntas de verdadeiro – falso. ● Preguntas de analogías/diferencias. ● 	65%
Probas prácticas	<ul style="list-style-type: none"> ● Traballos/ Plan de empresa ● Exposicións orais 	20%
Traballo e seguimento diario	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación sistemática. <ul style="list-style-type: none"> ○ Observación directa do traballo na aula. ○ Revisión do caderno de bosquejos. ○ Revisión das tarefas diarias. ● Intercambios orais. ● Participación, ante unha hipotética situación de corentena por pandemia e/ou causas similares de índice excepcional, a través dos medios telemáticos postos a disposición pola Xunta de Galicia (aula virtual, correo electrónico, videoconferencia...), comunicados ao alumnado a través da aula virtual da disciplina. 	10%
Actitude e participación	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación directa do traballo na aula. ● Intercambios orais. ● Participación, ante unha hipotética situación de corentena por pandemia e/ou causas similares de índice excepcional, a través dos medios telemáticos postos a disposición pola Xunta de Galicia (aula virtual, correo electrónico, videoconferencia...), comunicados ao alumnado a través da aula virtual da disciplina. 	5%



- O/A profesor(a) levará a cabo o seguimento das probas, o traballo diario na aula e a actitude e participación do/a alumno/a a través dun **caderno de aula**.
- Logo da entrega de cada proba (teórica e/ou práctica), no prazo de 15 días, comunicará ao/á alumno/a a súa cualificación, dándolle as explicacións e correccións oportunas do traballo realizado a cada alumno/a.
- Trimestralmente, o/a profesor(a) realizará unha avaliación de carácter informativo xunto co equipo docente do nivel educativo, e transmitirá ao alumnado os resultados acadados até o momento, tanto a través das probas teóricas e prácticas, como do traballo e seguimento diario e a actitude e participación.
- Para superar a disciplina será necesario obter unha media igual ou superior a 5 tanto na parte teórica, como na parte práctica. No caso de que algunha das partes estean suspensas, a cualificación final máxima será, en calquera caso, un 4,5.

3.3.1 Probas teóricas e prácticas

Os criterios de **valoración das probas teóricas e prácticas** extráense comprobando a adquisición de cada unha das competencias recollidas no currículo da disciplina en función dos criterios establecidos na táboa que se recolle a continuación:

Competencia		Criterio de cualificación
T 1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.	<ul style="list-style-type: none"> – Demostra ter a capacidade de organizar e planificar o traballo de forma eficiente, e vese motivado no proceso de aprendizaxe. – Os proxectos e tarefas son entregadas en data e forma, e cumpre cos requisitos incluídos no <i>briefing</i> correspondente.
T 2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.	<ul style="list-style-type: none"> – Adquire a capacidade de análise, síntese e xestión da información que recolle nas fontes de investigación, utilizándoa de xeito apropiado nos proxectos, e amosando un aprendizaxe significativo do proceso de investigación. – Demostra nos traballos e proxectos que sabe facer una boa búsqueda de referencias sobre o tema plantexado e ten a capacidade de xustificar de maneira coherente baseándose na investigación. – Enriquece os seus proxectos con información complementaria e cita con corrección fontes de consulta fidedignas complementarias ás facilitadas polo/a docente.
T 3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.	<ul style="list-style-type: none"> – O proxecto cumpre cos requisitos incluídos no <i>briefing</i> correspondente. – A arte final responde ó <i>briefing</i> de traballo. – Demostra ter a capacidade de organizar e planificar o traballo de forma eficiente, e vese motivado no proceso de aprendizaxe.
X 1	Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.	<ul style="list-style-type: none"> – Leva a cabo con solvencia o proxecto. – Presenta correctamente cada un dos aspectos requiridos no <i>briefing</i>. – Os proxectos entregados cumpren cos requisitos incluídos no <i>briefing</i> correspondente. – Argumenta os artes finais con solvencia, en base ós requisitos establecidos no <i>briefing</i> de traballo. – Explica e xustifica na memoria a metodoloxía seguida para acometer o proxecto. – Analiza axeitadamente o cronograma de traballo en termos de eficiencia e é quen de realizar un <i>feedback</i> axeitado de cara á aprendizaxe para vindeiros proxectos. – É quen de representar axeitadamente as súas ideas a través de paneis conceptuais, de inspiración, cartas de cor... – O caderno de bosquejos reflicte o proceso de traballo de deseño. – Realización de fichas técnicas sin erros. – O proxecto está organizado e identificado, tanto física como dixitalmente segundo o descrito no apartado de contidos. – Indica axeitadamente as fontes de consulta, tanto electrónicas e audiovisuais como bibliográficas, citándoas mediante normas APA.
X 1 7	Organizar, dirixir e/ou coordinar equipos de traballo e saber adaptarse a equipos multidisciplinares.	<ul style="list-style-type: none"> – Amosa condutas de liderado responsable na xestión de equipos de traballo.
X	Optimizar a utilización dos	<ul style="list-style-type: none"> – Demostra ter coñecemento das estratexias de avaliación dos proxectos, e a capacidade de



Produto

1 8	recursos necesarios para alcanzar os obxectivos previstos.	avalialas.
X 2 2	Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas de mercado.	<ul style="list-style-type: none"> - Recolle na memoria e ten en conta os condicionantes do proxecto e a súa repercusión no arte final. - Amosa unha actitude crítica e realista durante o proceso de elaboración do proxecto, axeitada aos criterios de innovación, xestión empresarial e as demandas do mercado.
E P 1	Coñecer o marco económico e organizativo en que se desenvolve a actividade empresarial.	<ul style="list-style-type: none"> - Valora a iniciativa e o espírito emprendedor na iniciativa empresarial.
E P 1 3	Coñecer o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenvolve o deseño de produto	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece e reflexiona sobre a influencia que ten o deseño na calidade de vida e do ambiente, e demostra ter a sensibilidade nas propostas, tendo en conta a natureza, a sociedade, e o patrimonio cultural. - Demostra ter a capacidade de plantexar proxectos con identidade propia atendendo a encontrar solucións ambientalmente sustentables.
E P 1 4	Comprender o marco legal e regulamentario que regula a actividade profesional, a seguridade e saúde laboral e a propiedade intelectual e industrial.	<ul style="list-style-type: none"> - O proxecto responde ao marco legal e regulamentario, así como ao contexto xeral da súa actividade profesional. - Cita e respecta as súas fontes de inspiración e cita as fontes de consulta axeitadamente, segundo normas APA.



3.3.2 Traballo e seguimento diario e actitude e participación

Convocatoria ordinaria		
Instrumentos		Criterio de cualificación
Traballo e seguimento diario	Observación sistemática	– Cumprimento das tarefas encomendadas polo/a profesor(a).
	Intercambios orais	
	Participación, de ser o caso, a través de medios telemáticos	
Actitude e participación	Observación sistemática	<ul style="list-style-type: none"> – Puntualidade e participación activa nas clases presenciais e/ou telemáticas (se fose o caso). – Seguimento da dinámica de traballo de clase (estar centrado nas actividades de clase, etc.). – Comprobación do/a alumno/a da comprensión teórico-práctica no desenvolvemento das actividades para unha boa execución. <i>Exemplo: Se non entende algo, preguntar logo da explicación de xeito individual e non agardar á véspera da entrega, etc.</i> – Utilizar unha linguaxe e terminoloxía axeitada para o ámbito académico e específico da disciplina. – Facer un bo uso do material e recursos de clase. – Limpar e recoller o seu espazo e ferramentas utilizadas ao finalizar. – Dispoñer dos recursos necesarios recollidos na programación para acometer a disciplina. – Traer o material requirido. – Organizar axeitadamente o material, tanto no que atingue ao material físico, como aos arquivos do ordenador. – Amosar sensibilidade e interese pola disciplina. – Adoptar unha actitude perseverante e de flexibilidade na resolución dos problemas de deseño. – Colaborar e implicarse nas actividades propostas. – En xeral, amosar respecto deica os compañeiros/as e/ou o/a docente.
	Intercambios orais	
	Participación, de ser o caso, a través de medios telemáticos	

Rexistro no caderno de aula do/a docente	
Traballo e seguimento diario	Actitude e participación
Cumpre	Cumpre
Non cumpre	Non cumpre
En progreso	

– A final de curso, tanto o **seguimento do traballo**, como a **actitude e participación**, se valorarán do 1 ao 10, respectivamente, en función das anotacións recollidas no caderno de aula da docente.

– Valoración:

– Traballo e seguimento diario: As anotacións de “non cumpre” restarán 1 unidade proporcionalmente sobre a nota, en función do número de seguimentos realizados durante o curso, mentres que as anotacións de “en progreso” restarán media unidade. *Exemplos: Se se fixeron 10 anotacións de seguimento do traballo diario ao longo do curso e 7 foron de “cumpre”; 2 de “non cumpre” e 1 de “en progreso”, a nota do/a alumno/a neste apartado será de 7,5. Pola súa parte, se se fixeron 5 anotacións de seguimento e 3 foron de “cumpre”, 1 de “non cumpre” e 1 de “en proceso”, a nota será de 7.*

– Actitude e participación: as anotacións de “non cumpre” restarán 1 unidade proporcionalmente sobre a nota, en función do número de seguimentos realizados durante o curso.

– Aqueles/as alumnos/as que non tiveron anotacións negativas durante o curso terán a máxima cualificación nestes apartados.

– Adicionalmente a outros aspectos relacionados coa actitude e participación, o/a docente rexistrará diariamente a asistencia do alumnado.



3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

Convocatoria extraordinaria

- O alumnado que non supere a disciplina en avaliación ordinaria, deberá realizar unha proba teórico-práctica.
- A proba teórico-práctica estará composta por un exame práctico e un examen teórico, que terán que realizarse na(s) data(s) e hora(s) sinalada(s) polo centro a tal efecto.
- Ante unha situación excepcional motivada por pandemia ou similar, esta proba realizarase a través de medios telemáticos, que serán concretados previamente ao alumnado a través da aula virtual, en función dos medios que poña a disposición a Consellaría.
- Para obter a nota final consistente na media ponderada das partes que forman a proba extraordinaria, o alumnado terá que acadar un 5 en cada unha de elas.
- Chegar máis tarde da hora de inicio da proba, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma.
- O alumnado deberá traer as ferramentas e os materiais necesarios para facer as probas, na data e no horario fixado polo centro.
- Os criterios de cualificación da convocatoria extraordinaria para a corrección tanto da parte teórica como da práctica, serán os mesmos que os utilizados para a valoración dos proxectos da convocatoria ordinaria.

INSTRUMENTOS		Convocatoria Extraordinaria	
		Ponderación	
		Xuño/ Xullo	
Proba teórica	Proba escrita Versará sobre as UD 1 e 2.	70,00%	
Proba práctica	Práctica Plan de empresa e/ou modelo de negocio dunha empresa (UD 3).	30,00%	

Táboa 8.

Táboa de ponderación da convocatoria extraordinaria.

3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais

- Enténdese por alumnado con necesidades educativas especiais, aquel que requira, por un periodo da súa escolarización ou ao longo de toda ela, de determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas da discapacidade ou trastornos graves de conducta.
- O/a docente valorará se existe algún alumno/a nesta situación, e adoptará as medidas oportunas para facilitar, no posible, o correcto seguimento da disciplina.
- Cando se detecte algún alumno/a con posibles necesidades educativas especiais, o/a docente comunicará a situación á/ao titor(a), e analizará a situación e as medidas a adoptar en coordinación co equipo docente.

3.5.1 Procedemento para a realización da avaliación inicial

- Durante a primeira semana do curso escolar, o/a docente realizará a avaliación inicial do alumnado, co obxectivo de identificar as súas dificultades e necesidades de atención educativa.



- Para a realización da avaliación inicial utilizaranse as seguintes **técnicas**:
 - **Entrevista**
Dado que o alumnado é maior de idade, a profesora consultará co alumnado se existe algún aspecto relevante que precise ter en conta para impartir a disciplina.
 - **Cuestionario**
De xeito complementario, realizarase un cuestionario ao alumnado para a realización da avaliación inicial.
- Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, previa comunicación á titora por parte do/a alumno/a a comezos de curso.
- Os datos obtidos da avaliación inicial quedarán recollidos no **caderno de aula** podendo valorar a evolución do/a alumno/a a partir destes datos.

3.5.2 Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

- Durante todo o curso o/a docente analizará os resultados do alumnado e introducirá os axustes necesarios para corrixir as posibles desviacións producidas no proceso educativo, centrándose especialmente nas aprendizaxes máis lentas.
- Para dar resposta a aprendizaxes máis lentas:
 - Nalgunhas ocasións proporcionarase máis prácticas sobre contidos nos que o/a docente detectase que houbo máis dificultade.
 - O/A docente dispón de horas de atención a alumnos/as co alumnado fóra do horario das sesións docentes semanais habituais.
 - Ademais instará a refacer e corrixir aquelas actividades que non acaden o nivel mínimo esixible.
- Tamén se terán en conta aqueles alumnos/as que demanden unha atención específica por ter un ritmo de traballo maior, tratando de orientalos e axudarlles no desenvolvemento das súas habilidades na medida do posible.



4 Metodoloxía, recursos e actividades complementarias

4.1 Metodoloxía

Partirase dos coñecementos previos que teña o alumnado sobre cada unha das unidades didácticas, explicando desde aí os contidos, proporcionando un material didáctico a través do cal os alumnos e alumnas, guiados polo/a profesor(a), poidan construír a súa propia aprendizaxe, sendo o enfoque eminentemente práctico.

4.1.1 Modalidade presencial

- As Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño teñen carácter presencial: esta **é a modalidade prioritaria que se seguirá durante o curso**. Para elo, o centro habilitou as aulas para poder manter as distancias individuais recollidas no Protocolo Covid publicado pola Consellaría de Educación conxuntamente coa de Sanidade.
- Debido á casuística específica deste curso, a **aula virtual** da disciplina estará en funcionamento desde setembro, coa información e os apuntamentos da disciplina, para facilitar unha hipotética transición á modalidade semipresencial ou incluso non presencial, se a situación sanitaria así o recomendase.

4.1.2 Modalidade semipresencial

- O Protocolo Covid recolle que o/a docente poderá establecer franxas horarias que permitan que o alumnado sen asistir ao centro educativo, poida realizar a formación de forma telemática, até un máximo de 12 créditos ECTS por curso, e simultaneamente até un máximo do 50% dos créditos ECTS cos que conte a disciplina.
- **No caso de que as circunstancias sanitarias recomenden o paso á modalidade semipresencial, compatibilizarase a formación presencial coa teleformación**, adaptando a metodoloxía aos recursos propios desta modalidade: aula virtual e plataforma Webex.
- Estas modificacións comunicaranse ao alumnado durante as clases presenciais e a través da aula virtual, segundo o momento e casuística do curso.

4.1.3 Modalidade non presencial

- **Por motivos excepcionais de índole sanitaria, se fose preciso, adaptaranse as diferentes actividades íntegramente á modalidade telemática**, mediante o uso da aula virtual e a plataforma Webex, adaptando a organización dos contidos segundo o recollido no epígrafe 2 da programación.
- Estas modificacións comunicaranse ao alumnado a través da aula virtual, segundo o momento e casuística do curso.



4.1.4 Metodoloxía xeral

4.1.4.1 Actividades introductorias

- Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.

4.1.4.2 Exposición maxistral

- Explicación por parte do profesorado na aula ou a través de medios telemáticos (dependendo da modalidade formativa: presencial, semipresencial ou non presencial) dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas mediante diferentes estratexias: explicación dos contidos de xeito teórico, demostracións prácticas das tarefas...
- As exposicións maxistrais poderán ser complementadas con contidos de tipo tanto textual como audiovisual a través da aula virtual da disciplina.

4.1.4.3 Prácticas presenciais

- Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a partir dos contidos teóricos.
- Ante un posible repunte da pandemia que xustifique o paso da formación presencial á semipresencial/ non presencial, de ser o caso as prácticas presenciais poderán ser substituídas por prácticas non presenciais, supervisadas polo/a docente a través de medios telemáticos. O/A docente comunicará este tipo de modificacións a través da aula virtual da disciplina. Os instrumentos para o seguimento de cada práctica se concretarán pola profesora a través da aula virtual en función da(s) necesidade(s) da actividade (videoconferencia, aula virtual, etc.).

4.1.4.4 Prácticas non presenciais

- Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.
- Estas actividades deberán ser supervisadas polo/a docente a través das clases presenciais e telemáticas (segundo o establecido e comunicado en cada caso polo/a docente).

4.1.4.5 Exposición e debate

- Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados o longo do curso.
- A exposición poderá realizarse de xeito presencial (segundo as circunstancias e o establecido e comunicado en cada caso polo/a docente).

4.1.4.6 Tutorías docentes

- A súa finalidade é resolver dúbidas, titorizar e coordinar as prácticas plantexadas nas clases.
- Tendo en conta a situación extraordinaria motivada pola pandemia da COVID-19, priorizaranse as tutorías de xeito telemático, **por videoconferencia**.
- As **solicitudes** de titoría realizaranse a través da aula virtual, con 48 horas de antelación como mínimo. Non se contarán a estes efectos os días non lectivos: as solicitudes realizadas en festivo ou fin de semana contarán a partir do primeiro día lectivo que se produza a continuación.
- Unha vez solicitada a titoría, o/a docente enviará **confirmación** de data e hora a través dunha mensaxe xestionada desde a aula virtual, con 24 horas de antelación como mínimo.

Poderanse producir variacións metodolóxicas motivadas pola situación sanitaria. As adaptacións concretas realizaranse no marco descrito na presente programación, e **calquera variación será comunicada a través da aula virtual da disciplina**.



4.2 Actividades

4.2.1 Actividades de avaliación

▪ **Formativa**

- Comprende o funcionamento cognitivo fronte as tarefas.
- Adaptar os procesos aos progresos e dificultades.

▪ **Sumativa**

- Comprobar si se adquiriron as competencias previas.
- Establecer balances dos resultados.

4.2.2 Actividades complementarias

- Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fóra del:

Posibles charlas ou conferencias de especialistas nas materias obxecto de avaliación.

4.2.3 Actividades interdisciplinares

- Actividades realizadas de xeito interdisciplinar con outras asignaturas, colaboracións co resto de ensinanzas e/ou con outras empresas e institucións:

Inicialmente non se prevén, ao ser unha materia transversal non relacionada especificamente cos contidos dos estudos de Deseño de Produto.



4.3 Recursos

4.3.1 Material subministrado polo centro

Listaxe de recursos subministrados polo centro	
Docente	Alumnado
<ul style="list-style-type: none"> - Ordenador con conexión a Internet. - Proxector. - Aula virtual. 	<ul style="list-style-type: none"> - Conexión a Internet no centro. - Aula virtual.
<p>A AULA VIRTUAL SERVIRÁ TAMÉN COMO MÉTODO DE COMUNICACIÓN DOCENTE, TANTO PARA O ENVÍO DE MENSAXES, COMO DAQUELAS TAREFAS QUE ASÍ O REQUIRAN A CRITERIO DO/A PROFESOR(A).</p> <p>Para unha comunicación máis rápida, recoméndase a instalación da APP MOODLE no móbil.</p>	

4.3.2 Material que debe subministrar o/a alumno/a

Material necesario para a disciplina e que o/a alumno/a debe traer diariamente a clase
<ul style="list-style-type: none"> - Ordeador apto para a instalación de software de deseño. Segundo as indicacións facilitadas polo centro no momento da matrícula. - <i>Apuntamentos que se aloxarán na aula virtual</i>
<p>O ALUMNADO DEBERÁ DISPOÑER DO MATERIAL NECESARIO PARA A DISCIPLINA A PARTIR DA 2ª SEMÁN DE CLASE.</p>
Material que debe ter o/a alumno/a na súa casa para traballar (ademais do arriba indicado)
<ul style="list-style-type: none"> - Ordeador apto para a instalación de software de deseño (o solicitado no momento da matrícula). - Conexión a Internet sen limite de datos. - Escáner (recomendable pero non obrigatorio). - Cámara de fotos dixital (pode ser a do móbil).

4.3.3 Fontes de consulta

- **Bibliografía:**
- BARBERÁN MOLINA, PASCUAL (2018). *Manual práctico de propiedad intelectual*. Madrid. Deusto.
- DE VERDA Y BEAMONTE, JOSÉ RAMÓN (2011). *El derecho de imagen desde todos los puntos de vista*. Pamplona. Aranzadi.
- FRANCIS LEFEVRE (2016). *Memento Experto Propiedad Industrial*. Madrid. Lefebvre-El Derecho, SA.



- GARCÍA GONZÁLEZ, B.J. & MUÑOZ GIL, J. (2019). *Empresa e iniciativa emprendedora*. Valencia. Tulibrodefp, SLU.

- **Fontes electrónicas:**

- Normas APA
www.normasapa.com - Última consulta: 09/06/2020

- Respecto á webgrafía, dado que son unhas ensinanzas moi dinámicas en canto á evolución nos campos disciplinarios do deseño, a cultura do coñecemento e a innovación, o/a profesor(a) irá citando fontes actualizadas conforme ao avance do temario da disciplina.

-
-